

CONVENIO COLABORACIÓN CDU VIGO – FEDERACIÓN GALLEGA DE NATACIÓN

En Vigo, a 8 de xaneiro de 2025

Reunidos

Dunha parte, **D Juan Carlos Brión**, Presidente da **Federación Galega de Natación**, en nome e representación da citada Institución, con CIF: G- 15137201 e domicilio en Avda. de Glasgow, 13 15008 A Coruña.

E de outra parte **Dª Paula Conde**, como Directora de **CDU VIGO** e en representación da citada con domicilio na Ctra. Marcosende S/N CP 36310 Vigo.

Recoñecéndose ambas partes capacidade suficiente para a subscrición do presente convenio, na representación na que interveñen, e de acordo cás atribucións que teñen conferidas e para ese efecto,

EXPOÑEN

Que ambas entidades comparten o interese de promover e fomentar a natación en Galicia, e desexan formalizar un acordo de colaboración en virtude do cal, se ofrecerán condicións especiais aos deportistas con licencia coa FEGAN e que estean cursando estudos universitarios na UVIGO, para o uso das instalacións e servizos de CDU Vigo, como parte da súa preparación e desenvolvemento deportivo.

Compromisos da CDU Vigo

- **Reducir un 50% o abono** (outubro a xuño) para os deportistas federados da FEGAN, baixo a condición de que presenten a súa licenza federativa actualizada para a tempada 2025-26 e cursen estudos universitarios na UVIGO no presente curso no horario de **12:00 a 16:00h. O número de deportistas será de oito.**
- Ofrecer **dous pases gratuítos** para os deportistas de nivel nacional permitíndolles o acceso ilimitado ás instalacións de CDU Vigo no horario establecido de 12:00 a 16:00h.

Compromisos da FEGAN

- A Federación dará a coñecer o convenio de colaboración nas súas canles de difusión.
- A Federación enviará un listado co nome dos deportistas que poderán acollerse ao convenio de colaboración, incluídos os dous exentos de pagamento da cota, que serán propostos pola Federación en función dos seus resultados na tempada anterior.
- A Federación comprométese a ter un seguimento dos deportistas propostos, podendo retirar esas vantaxes se non fan un uso correcto do convenio. No caso de que se retire un deportista do listado, a Federación poderá engadir outro que cumpra cos requisitos sempre que non exceda o número

máximo posto pola empresa.

- Ambas partes teñen intención de poder colaborar con actividades de promoción ou tecnificación organizadas pola Federación nas instalacións da empresa CDU Vigo.

Duración do convenio

O presente convenio terá unha duración de outubro 2025 a xuño de 2026, comezando o día 1 de outubro e finalizando cando remate o curso universitario, con posibilidade de prórroga se fora necesario para aqueles deportistas de nivel nacional, previa negociación e acordo entre as partes.

Confidencialidade

Ambas partes comprométense a manter a confidencialidade de toda a información intercambiada durante a vixencia do convenio, salvo nos casos en que a lei dispoña o contrario.

Réxime de responsabilidade

Cada unha das partes será responsable das obrigas que asuma en virtude do presente convenio, así como dos danos e prexuízos que puideran derivarse do incumprimento de calquera dos seus compromisos.

Outras disposicións

Modificacións: O presente convenio poderá ser modificado por acordo expreso entre ambas partes, formalizándose por escrito.

Juan Carlos Brión

Paula Conde